

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

11 de novembro de 2019 as 13:00:00

Lugar de celebración

Casa do Concello

Asistentes

PRESIDENTE

D. Manuel Beceiro Couce 32637513-F ,Concelleiro

SECRETARIO

Dña. Mónica Cibreiro Caneiro,Funcionaria

VOCALES

D. Interventor

D. Miguel Ángel Arroyo Moreno,secretario-interventor municipal

Dña. Eiravedra Filgueira Caneiro, Vogal

Orde do día

1. Xustificación oferta anormalmente Baixa e proposta de adxudicación.

Se Expón

1.- Con data de 11 de outubro do 2019 aprobouse a resolución 364/2019 mediante a que se requeriu á empresa EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L. a xustificación da oferta presentada para a contratación da obra "Pavimentación do Camiño do Cando a O Castro" por resultar anormalmente baixa (acta da mesa de contratación do día 8 de outubro de 2019).

2.- O día 18 de outubro do 2019 presentouse a través da sede electrónica a documentación correspondente á xustificación da oferta por parte da empresa requerida. A documentación presentada remitiuse ó técnico redactor do proxecto, IGOR VERGARA OTERO (ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS REDACTOR DO PROXECTO con Nº de Colexiado: 25.817) que o 29 de outubro do 2019 emitiu informe técnico no que se conclúe que "*Considérase que a empresa "EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L." non presenta ningún tipo de documentación relevante para xustificar a súa oferta económica en baixa temeraria como poden ser cartas de compromiso para o subministro do mencionado betón modificado onde a empresa acadaría un suposto aforro do 28,5%, un programa de traballo optimizado que permita reducir os custos de man de obra e maquinaria ou os custos de estrutura da empresa... Por este motivo, non se pode considerar como admisible a baixa temeraria na que incurriu a empresa "EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L." ao non incluírse na documentación presentada por ésta xustificación algunha para o prezo ofertado máis alá do xa comentado nos anteriores puntos.*"

Tendo en conta o anteriormente exposto e o informe técnico existente, a mesa de contratación propón ó órgano de contratación:

1º.- Excluír á empresa licitadora EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L. co CIF B70336482, de xeito que as empresas admitidas son as relacionadas a continuación:

CANARGA S.L.	38,28
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	32,47


2º.- Propoñer como empresa adxudicataria á empresa clasificada en segundo lugar segundo a valoración levada a cabo na sesión do día 8 de outubro:

CANARGA S.L.	38,28
--------------	-------

Eu, como Secretaria, certifico co visto bo do Presidente:



Dña. Mónica Cebreiro Caneiro
SECRETARIA



D.Manuel Beceiro Couce
PRESIDENTE